

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E
INSTRUCCIÓN NÚMERO CATRO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Cédula de notificación (31/1992).

Lorenzo Villalpando Lucas, secretario da Administración de xustiza, con destino no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela, dou fe de que nos autos de que se fará mención se dictou sentencia en grao de apelación co encabezamento e parte dispositiva seguintes:

«A Coruña a vintedous de outubro de mil novecentos noventa e tres.

Francisco Javier Cambón García, maxistrado, como Tribunal Unipersonal da sección segunda da Audiencia Provincial da Coruña, pronunciou en nome de El-Rei, a seguinte sentencia:

No recurso de apelación interposto contra a sentencia dictada polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela, en xuízo de faltas nº 31/1992, seguido por falta de lesións en accidente, figurando comoapelante José Lino Lemos en representación do menor José Alejandro Lemos Martínez e como apelados a *Patria Hispana*, Juan Carlos Quintas Abadín e a *Cía. Mades Fondo Asegurador, S.A.*, sendo así mesmo parte o Ministerio Fiscal,

Resolvo que, desestimando o recurso de apelación interposto contra a sentencia dictada polo maxistrado-xuíz de primeira instancia e instrucción número catro de Santiago de Compostela, en data do 9-9-1992, resolvendo o xuízo de faltas nº 31/1992, debo confirmar e confirmo a dita resolución, declarando de oficio as custas de alzada».

E para que así conste e lle sirva de notificación en legal forma a Juan Carlos Quintas Abadín, o cal se encontra en ignorado paradoiro, expido, selo e asino esta cédula en Santiago de Compostela o dous de decembro de mil novecentos noventa e tres.

O secretario
Rubricado

Cédula de notificación e requerimento (1.493/1989).

Eu, Lorenzo Villalpando Lucas, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro dos de Santiago de Compostela, dou fe de que nos autos de xuízo de faltas que se seguen neste xulgado co número 1.493/1989, por furto, se dictou resolución no día da data, pola que se acorda requerimento ó condenado Paulino Ricoy Avelaira, como autor dunha falta de furto, do cumprimento da pena de cinco días de arresto menor domiciliario.

Para que así conste e sirva de requerimento en forma ó condenado, Paulino Ricoy Avelaira, o que actualmente se encontra en paradoiro descoñecido, expido, selo e asino esta en Santiago de Compostela o dez de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario
Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E
INSTRUCCIÓN NÚMERO CINCO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Cédula de citación á Xunta Xeral de Acredores (257/1991).

Por acordalo o maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número cinco de Santiago de Compostela, en autos de expediente de suspensión de pagamentos nº 257/1991, promovido por *Gomofi, S.L.*, representado polo procurador García Brea, pola presente cédula citase para a Xunta Xeral de Acredores, que se celebrará na 2ª convocatoria o día 18 de marzo de 1994, os acredores dos que se descoñece o domicilio, advertíndoos de que poderán concorrer persoalmente ou por medio de representante con poder bastante.

E para que conste e lles sirva de notificación ós acredores dos que se ignora o domicilio, expido esta cédula, que asino e selo en Santiago de Compostela o 24 de xaneiro de 1994.

A secretaria
Rubricado

VI. ANUNCIOS

**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA**

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 30 de decembro de 1993, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa na adquisición de varios predios estreameiros que ocupan unha superficie de 32.310,04 metros cadrados no lugar de Barreiros (A Cabana), parroquia de Serantes, termo municipal de Ferrol, para a instalación dun instituto tecnolóxico e unha escuela de deseño industrial.

En cumprimento do disposto no artigo 18.2º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunida-

de Autónoma e 46.2º do seu regulamento, aprobado polo Decreto 550/1989, do 9 de marzo,

RESOLVO:

Facer público que, por razón de urgente necesidade, se xustifica, trala fiscalización da Intervención Delegada da Consellería de Economía e Facenda, a utilización do procedemento de contratación directa na adquisición de varios predios estremeiros que ocupan unha superficie de 32.310,04 m², sitos no lugar de Barreiros (A Cabana), parroquia de Serantes, termo municipal de Ferrol (A Coruña), para dedicálos á instalación dun instituto tecnolóxico e unha escola de deseño industrial.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1993.

Emilio Álvarez Rey
Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de
Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES**

Resolución do 15 de xullo de 1993, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sobre constitución, modificación, disolución e cancelación das sociedades agrarias de transformación que se citan (SAT Agro de Bazán e outras).

En cumprimento das funcións que lle están atribuídas a esta secretaría xeral técnica e para xeral coñecemento, acórdase publica-la relación das sociedades agrarias de transformación, constituídas conforme o Real decreto 1.776/1981, do 3 de agosto e a orde da Consellería de Agricultura do 29 de abril de 1988 inscritas no Rexistru de SS.AA.TT. de Galicia, así como as modificacóns, disolucóns e cancelacóns que se citan.

Constitución da SAT *Agro de Bazán* nº 875 XUGA, de responsabilidade limitada domiciliada en Tremoedo-Vilanova de Arousa (Pontevedra), obxecto social: a transformación dos produtos da explotación mediante os procesos de elaboración, conservación e embotellado de viño, así como a produción de leite para a posterior comercialización, capital social 40.000.000 de ptas, nº de socios 7.

A modificación da SAT *Salcedo* nº 529 XUGA, que por acordo da asemblea xeral do día 8 de abril de 1992 acorda a reelección dos membros da xunta rectora quedando integrada por:

Presidente: Carlos A. Méndez López.

Secretario: Jesús Méndez López.

Vocal: Juan Méndez López.

A disolución da SAT *Sampe* nº 496 XUGA, que na asemblea xeral do 18 de maio de 1993, en 1ª convocatoria, acorda por unha maioría superior ós dous tercios a súa disolución e elixen os socios que formarán a comisión liquidadora.

A SAT *Jaem* nº 675 XUGA, na asemblea xeral do 1 de maio de 1993, en 1ª convocatoria, acorda a súa disolución por unha maioría superior ós dous tercios e elixen os socios que formarán a comisión liquidadora.

A SAT *Visones Taxedo* nº 590 XUGA, na asemblea xeral do 25 de novembro de 1992, en 1ª convocatoria acorda a súa disolución por unha maioría superior ós dous tercios e elixen os socios que formarán a comisión liquidadora.

A SAT *Quinteleiras* nº 749 XUGA, na asemblea xeral do 12 de xullo de 1992 acorda a súa disolución por falta de actividade por un período continuado de dous anos e elixen os socios que formarán a comisión liquidadora.

Por acordo da Delegación da Coruña da Axencia Estatal Tributaria dictado con data 8 de outubro de 1992, procédese á baixa provisional no Rexistru de SS.AA.TT. da SAT *Casa Grande-Andeade-Touro* nº 3.865.

Por acuerdo da Delegación de Ourense da Axencia Estatal Tributaria, dictado con data 15 de outubro de 1992, procédese á baixa provisional no Rexistru do SS.AA.TT. da SAT *Hortícolas Plant Raz Punxín* nº 581 XUGA.

Por acuerdo da Delegación de Ourense da Axencia Estatal Tributaria, dictado con data 30 de outubro de 1992, procédese á baixa provisional no Rexistru de SS.AA.TT. das seguintes:

SAT *Doga* nº 451 XUGA.

SAT *Vilaríño-Aguasantas* nº 4.145.

SAT *Doforte* nº 479 XUGA.

Por acuerdo da Delegación da Coruña da Axencia Estatal Tributaria, dictado con data 20 de novembro de 1992, procédese á baixa provisional no Rexistru de SS.AA.TT. da SAT *Champigal* nº 453 XUGA.

Por acuerdo da Delegación da Coruña da Axencia Estatal Tributaria, dictado con data 18 de xuño de 1993 procédese, á baixa provisional no Rexistru de SS.AA.TT. da SAT *A Cha* nº 437 XUGA.

A cancelación da SAT *Agrupación de Cosecheros de Albariño de Vilariño-Cambados* nº 429 XUGA, que na asemblea xeral do 6 de marzo de 1992 adoptou o acordo de transformarse en sociedade cooperativa limitada, en virtude da disposición adicional terceira da Lei 3/1987, do 2 de abril, xeral de cooperativas. Solicitada a súa cancelación neste Rexistru de SS.AA.TT., unha vez revisada a documentación presentada procédese a cancelar, mantendo a nova cooperativa a personalidade xurídica e garantindo o cumprimento dos compromisos contraídos con terceiros.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 1993.

Antonio L. Rosón Pérez
Secretario xeral técnico da Consellería de
Agricultura Gandería e Montes.